



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

BASES DO VIII CERTAME DE CORAIS VILA DE ARBO.

PRIMEIRA. –

O Concello de Arbo no seu interese por apoiar a cultura musical, polifónica e coral, organiza o VIII Certame de Corais “Vila de Arbo” que terá lugar o día **7 de xuño de 2020** en horario de tarde no Auditorio “Segundo Gil Dávila” de Arbo.

SEGUNDA.-

O comité organizador estará composto polo Alcalde de Arbo ou a persoa en quen delegue; o Concelleiro/a de Cultura do Concello de Arbo ou persoa en quen delegue; o Presidente/a da Coral Polifónica de Arbo e o Director da Banda de Música de Arbo.

TERCEIRA.-

Poderán participar neste certame todas as agrupacións corais que o desexen e non sexan profesionais nin pertencen a ningunha escola profesional ou semiprofesional de música. As actuacións non deben ter ningún tipo de acompañamento musical (soamente a capela). En caso de incumprimento deste requisito o grupo quedaría excluído do concurso.

CUARTA.-

As corais participantes serán seleccionadas polo comité organizador do VIII Certame de Corais Vila de Arbo ata un máximo de sete agrupacións.

Nos criterios de selección serán avaliados o historial da coral e a calidade musical das súas interpretacións.

QUINTA.-

O prazo de inscrición comezará a partir do día seguinte á publicación destas bases na páxina web do Concello de Arbo e rematará o 13 marzo de 2020 ás 15.00h.



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Para inscribirse as agrupacións interesadas enviarán a solicitude de participación telemáticamente a través da sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>) en modo-lo que figura no Anexo a estas bases solicitando a súa inclusión no Certame.

Para realizar a selección as corais tamén deberán presentar no prazo de solicitude de participación, un Currículum Vitae que inclúa a súa actividade de polo menos os últimos tres anos, unha declaración xurada conforme non pertencen a ningunha escola ou conservatorio profesional de música e unha gravación propia realizada nos últimos dous anos que inclúa polo menos tres pezas do seu repertorio, que se aportará por correo postal ás oficinas do Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1 – 36430 Arbo (Pontevedra).

Escollidas as sete agrupacións que participarán no VIII Certame de Corais Vila de Arbo, abrírase un prazo de 30 días naturais para que aporten foto actualizada da formación e un exemplar da partitura da obra de presentación e de libre elección escollidas ás oficinas do Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1 – 36430 Arbo (Pontevedra).

SEXTA.-

A obra obrigatoria nesta edición do concurso é “**Consolo**”, con letra de F. A. Rey Rivero e música de F. A. Rey Rivero.

Durante o período de inscrición o Concello de Arbo terá á disposición das agrupacións a obra obrigatoria, que poderá ser remitida ao seu enderezo se así o solicitasen.

SÉTIMA.-

O xurado estará composto por personalidades do mundo da música designados ao efecto polo comité organizador.

O xurado avaliará os seguintes puntos: afinación, técnica, interpretación e sonoridade. O presidente do xurado será o Sr. Alcalde de Arbo ou concelleiro en quen delegue.

OITAVA.-

As corais seleccionadas actuarán segundo a orde fixada por rexistro de entrada da inscrición.



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

Cada coral disporá dun máximo de trinta minutos para ensaios e calibración de son, dende ás 10.00h ata unha hora antes do certame.

Cada coral interpretará unha obra de presentación fora de concurso, unha obra de concurso obrigada proposta polo comité organizador que podería ser de autor galego ou en idioma galego e unha obra de libre elección en calquera idioma.

O tempo total non excederá de 25 minutos de actuación total incluída a obra de presentación. Ningunha das pezas poderá estar acompañada por un instrumento musical.

Será obrigatorio que a orde de interpretación das pezas sexa a seguinte:

- 1º obra de presentación
- 2º obra obrigada
- 3º obra de libre elección

A variación da orde establecida será penalizada polo xurado.

Todas as corais participantes deberán interpretar as obras sen mover os estrados para evitar a variación do son. En caso de non respectar esta norma poderán ser penalizados polo xurado.

NOVENA.-

Concederáse un primeiro, un segundo e un terceiro premio as corais que acaden maior puntuación. Tamén se adxudicará directamente polo FECOGA un premio especial de 500,00 € á mellor interpretación da obra obrigatoria, que será aboado directamente pola Federación á coral que de acordo coa decisión do xurado se lle asigne dito premio especial.

O fallo do xurado emitirase ao final da actuación das corais participantes, sendo así os premios os seguintes:

- **1º PREMIO “SEGUNDO GIL DÁVILA”.....900 euros máis diploma acreditativo.**
- **2º PREMIO400 euros máis diploma acreditativo.**
- **3º PREMIO.....200 euros máis diploma acreditativo.**



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

- PREMIO FECOGA Á MELLOR INTERPRETACIÓN DA OBRA DE CONCURSO: 500 euros máis diploma acreditativo.

- Diploma de participación para o resto das corais que non obteñan premio.

O importe do 1º, 2º e 3º premio será sufragado polo Concello de Arbo con cargo a aplicación orzamentaria 330.48 do exercicio 2020, quedando supeditada a resolución de concesión dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2020.

Os premios concedidos polo Concello de Arbo e aboados polo mesmo estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O importe líquido do 1º, 2º e 3º premio farase efectivo mediante transferencia bancaria á conta facilitada polos premiados que deberán ser os titulares da mesma.

DÉCIMA.-

O comité organizador asignará a cada coral, unha persoa para resolver as posibles dúbidas que podan ter, indicarlle o camerino asignado, controlar os tempos de ensaio e velar polo bo desenvolvemento da estancia e actuación da coral tutelada. A persoa asignada emitirá un informe ao comité organizador das posibles incidencias acontecidas, que será entregado ao xurado ao finalizar a interpretación da última das corais participantes para a súa valoración.

DÉCIMO PRIMEIRA.-

O comité organizador está habilitado para a interpretación destas normas e resolver calquera dúbida que se presente. A participación neste Certame supón a aceptación íntegra do contido destas bases.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente certame faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do certame, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do certame serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrência e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo (<https://concellodearbo.sedelectronica.gal>)

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE



Concello de Arbo
CIF: P3600100F

ANEXO:

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

VIII CERTAME DE CORAIS "VILA DE ARBO":

NOME DO GRUPO CORAL:_____.

NUMERO COMPOÑENTES:_____.

OBRA DE PRESENTACIÓN:

.-_____AUTOR_____DURACION:_____.

OBRA DE LIBRE ELECCIÓN:

.-_____AUTOR_____DURACION:_____.

ENDEREZO:_____

PERSOA DE CONTACTO:_____

TELÉFONO:_____

CORREO ELECTRÓNICO:_____

En_____a_____de_____do 2020.

Selo e firma